

OBTENCIÓN DO

# CERTIFICADO R3

COMO INVESTIGADOR/A ESTABLECIDO/A.

**-CONVOCATORIA 2024-**



AXENCIA GALEGA  
DE COÑECIMENTO  
EN SAÚDE


## Cal é a FINALIDADE?


Valorar a carreira dos investigadores/as nacionais e estranxeiros/as no marco dun itinerario posdoutoral de acceso ao SECTI, de maneira que permita recoñecer a súa calidade e independencia investigadora e, cumprindo co perfil europeo de investigador establecido (R3), a obtención da certificación R3 como investigador/a establecido/a.



## Que EFECTOS ten o Certificado R3 como investigador/a establecido/a?

Será recoñecido nos procesos selectivos de persoal de novo ingreso estable que sexan convocados polas universidades, polos OPIs e outros organismos de investigación da AGE, polos OPIs de outras Administracións Públicas, incluídos os centros do SNS ou vencellados ou concertados con este e as fundacións e consorcios de investigación biomédica, así como os consorcios públicos e fundacións do sector público.





## Quen son os BENEFICIARIOS? (I)

As persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do grao de doutor en data anterior ao 1 de xaneiro de 2019.

b) Ter unha vinculación contractual previa de, polo menos (cumprir un dos seguintes requisitos):

1. Dous anos baixo a modalidade de contrato de acceso (art.22 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación).
2. Tres anos baixo calquera outra modalidade no marco dalgún programa posdoutoral financiado por algún axente de financiación público do Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación.
3. Cinco anos de contratación posdoutoral trala obtención do grao de doutor (inclúense periodos de contratación posdoutoral no extranxeiro).

c) Ter realizado estancias, incluíndo períodos onde se estivese contratado/a, predoutorales e/ou posdoutorales, en centros de I+D nacionais e/ou internacionais distintos daquel no que realizaran a súa formación predoutoral, durante un período acumulado, con carácter continuo ou discontinuo, igual ou superior a dous anos. (Requisito non aplicable a aquelas persoas que cursaran íntegramente e obtido o título de doutor nunha universidade estranxeira e a aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%).

d) Non pertencer a algún dos corpos de funcionarios docentes universitarios das Universidades públicas, nin ser persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos OPIs da AGE, nin estar contratado nunha Universidade pública española como profesor contratado doutor ou profesor/a permanente laboral (o baixo figuras equivalentes de axencias autonómicas).

e) No estar en posesión do certificado R3, nin do certificado I3.

f) No caso de ter solicitado a obtención do certificado R3 na convocatoria 2023 da AEI, ter obtido unha puntuación igual ou superior a 60 puntos, sen a obtención do certificado.

## Quen son os BENEFICIARIOS? (II)



# Cal é o PRAZO de presentación de solicitudes?

**Dende o 22 de febreiro ata o 13 de marzo de 2024 ás 14 horas** (hora peninsular española).

